



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE Á LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E Á COMPOSICIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE GRUPO DE TALLER DE MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 18 DE NOVEMBRO DE 2024 (DOG Nº 228, DO 26 DE NOVEMBRO)

Por resolución do 18 de novembro de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 228, do 26 de novembro), convocáronse, para a súa provisión, polo sistema de concurso de méritos, un posto de Xefe/a de Grupo de Taller de Mantemento de Centros de Atención Primaria.

Publicada o día 15 de abril de 2025 a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso e, unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións e/ou emendas, esta Xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, e a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.- Elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no presente proceso de provisión, segundo se recolle no Anexo I da presente Resolución.

Segundo.- Publicar, como Anexo II, a composición da Comisión Técnica, de conformidade co previsto na Base Sexta da Convocatoria.

DILIXENCIA:

Para facer constar que coa mesma data da sinatura dixital procédese á publicación da presente resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña
Javier Fernández Nistal

DIRECTOR DE RR.HH.

Asinado dixitalmente na Coruña

Luis Verde Remeseiro

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E
CEE



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

Solicitante	DNI	Estado
Paredes Iglesias, José Antonio	***3804**	Admitido

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal





ANEXO II

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Presidente	Javier Fernández Nistal (Director de Recursos Humanos)
Vogais	Emilio Camino Fernández (Director de Recursos Económicos)
	Marina Pereira Mota (Subdirectora de Recursos Económicos)
Secretaria	Graciela Álvarez Portela (Xefa de Servizo de Recursos Humanos)

